

A Semana Cultural encherá Oroso de teatro, maxia, inchables, viaxes, obradoiros...

O Concello de Oroso xa ten todo listo para unha nova edición da Semana Cultural, que terá lugar do 21 ao 30 de agosto. Teatro, maxia, inchables, excursións, obradoiros, festa da escuma... conforman un amplo **programa de actividades** gratuítas para todos os gustos e idades, aínda que cunha maior presenza de iniciativas para os máis pequenos da casa. Consulta o programa e anótate canto antes no centro cultural de Sigüeiro:

- Mércores 21 de agosto: **Excursión ao Aquapark de Cerceda** (de 11:00 a 19:00 horas).

- Xoves 22 de agosto: **obradoiro "Criterios para a escola de xoguetes"** (11:30 h. Praza Isaac Díaz Pardo) e actuación do **Mago Dani** co espectáculo "Don Gelati" (19:30 h., no exterior da piscina municipal).

- Venres 23 de agosto: visita ao **Planeta Móbil** no centro cultural (12:00 h.), **Inchables** (16:00 h.) e **festa da escuma** (19:15 h.) na piscina e **concerto de acordeón** do grupo **Os Melidaos** (Melide) e da Asociación Cultural Amigos do Acordeón (Sigüeiro) no centro cultural (21:00 h.).

- Sábado 24 y domingo 25 de agosto: **XI Torneo de Fútbol Concello de Oroso** no Lino Balado (19:00 h.).

- Lunes 26 de agosto: **xincana** "A busca do tesouro perdido" no Paseo do Carboeiro. Punto de partida na praza Isaac Díaz Pardo (11:00 h.).

- Martes 27 de agosto: **O Aturuxo de Melpomene** representará "A ratoeira" no centro cultural (20:30 h.).

- Mércores 28 de agosto: **obradoiro de maquillaxe e globoflexia** (18:00 h.) e actuación da compañía de **monicreques Duende Sico** con "As andanzas de Elías" (19:30 h.), ambas no exterior da piscina municipal.

- Xoves 29 de agosto: un **clown** de **Pistacatro** presenta "A Moucha" no exterior da piscina municipal (19:30 h.).

- Venres 30 de agosto: **excursión multiaventura** (escalada, tiro con arco, piragüismo e ruta a caballo). Prezo: 45 euros (empadroados) e 80 euros (non empadroados). Anotacións antes do 28 de agosto. Ás 12:00 horas, visita ao **Planeta Móbil** no centro cultural.

- Sábado 31 de agosto e domingo 1 de setembro. **II Torneo de Pádel Concello de Oroso**. Anotacións na cafetería da piscina antes do 26 de agosto.





O pleno municipal pide a Fomento o arranxo da N-550




A **sesión plenaria de xullo** permitiu a aprobación por unanimidade dunha moción do PP contra todo tipo de terrorismo. Tamén se aprobaron dúas mocións do PSOE para esixirlle ao Ministerio de Fomento o arranxo da N-550 e para pedir mello- ras no transporte metropolitano: máis frecuencias, obrigar a Mombús a cumprir os horarios e apoiar que o servizo tamén

chegue ata Ordes. Ambas mocións saíron adiante cos votos a favor de PSOE, BNG e PG; e pese a abstención do PP. Finalmente, aprobáronse dúas mocións do BNG contra minería salvaxe e a favor do mantemento dos trens de cercanías, apoiadas por BNG, PSOE e PG; e co voto en contra do PP. A moción nacionalista para que Facenda non sancione aos emigrantes retornados que cobran pensións do exterior, aprobouse pese a abstención do PP.



Goisorosoarte 2013, dende o 13 de setembro no centro cultural

O certame internacional **Goisorosoarte** 2013 inaugurarase o 13 de setembro no centro cultural de Sigüeiro. A mostra incluírá unha selección de pinturas e esculturas de artistas galegos e unha selección de traballos presentados á decimosétima edición deste certame celebrada en Góis o pasado mes de xullo. Unha exposición á que asistiron o alcalde Manuel Mirás e o concelleiro de Cultura, Antonio Leira, e na que se expuxeron preto de 100 traballos, entre os que se atopaba unha delegación galega encabezada pola ourive **Susi Gesto**, en representación do Concello de Oroso.



Escalada, tiro con arco, ruta a cabalo e piragüismo na viaxe multiaventura para a mocidade



A Concellería de Xuventude convoca unha Excursión Multiaventura para o venres 30 de agosto dirixida a maiores de 12 anos. Escalada, tiro con arco, piragüismo e ruta a cabalo son algunhas das actividades que poderán practicar os mozos e mozas que se apunten no centro cultural entre o 12 e o 28 de agosto. O número de prazas é limitado, polo que a admisión farase por rigurosa orde de anotación, con preferencia para empadroados en Oroso O prezo é de 45 euros (empadroados) ou 80 euros (non empadroados).



Aberta a inscrición no II Torneo de Pádel Concello de Oroso

O deporte será un dos grandes protagonistas da Semana Cultural. O campo municipal "Lino Balado" acollerá o XI Torneo de Fútbol Concello de Oroso. O sábado 24, ás 19:00 horas, terá lugar o encontro de veteranos entre Vinoteca Raquel e o Veteranos Sigüeiro FC. O domingo 25, cuadrangular cos equipos Sigüeiro FC, SD Deixebre, Sigüeiro FC "B" e ED Xuventude Oroso. As semifinais xogaranse ás 17:30 e ás 18:30 horas. A gran final terá lugar o mércores 28, ás 19:30 horas. Ademais, ata o 26 de agosto está aberto o prazo de inscrición no **II Torneo de Pádel Concello de Oroso**, que terá lugar o 31 de agosto e o domingo 1 de setembro. Inscricións na cafetería da piscina. O premio será unha cea para 2 persoas.





Manuel Mirás confirma a continuidade do Festival Folclórico Parque do Carboeiro

A primeira edición do **festival folclórico "Parque do Carboeiro"** foi un gran éxito, tanto polo gran nivel dos grupos participantes como pola asistencia de público. Os tres grupos locais (**Lembranzas do Tambre**, **Buxos Verdes** e **Néboas no Cumio**) e os dous conxuntos invitados (**Xacarandaina** e La Flor del Azafrán) fixeron as delicias de todos os asistentes. O alcalde de Oroso, Manuel Mirás, asegura que "este festival folclórico é digno sucesor da Festa Enxebre, que faciamos na Illa do Refuxio ata hai dez anos e ao que non nos deixaron dar continuidade". Unha continuidade que o alcalde orosán si lle garantiu a este novo festival: "con estes festivais estamos dando a coñecer a nosa música e as nosas tradicións. E co traballo de todos, do Concello e das asociacións e grupos folclóricos de Oroso, converteremos este festival nunha cita fundamental en Oroso, ao nivel da Festa da Troita".



O Concello acomete melloras nos centros educativos



O Concello de Oroso está a aproveitar o período de vacacións estivais para acometer distintas obras de mellora nos centros educativos situados no municipio: gardería, escolas unitarias, colexio e, incluso, no instituto, a pesar de non ser unha competencia estritamente municipal. O concelleiro de Ensino, Antonio Leira, explica que "son pequenas actuacións coas que respondemos ás demandas que nos fan chegar os

distintos centros educativos". Os traballos estanse a levar a cabo a través das brigadas municipais e consisten, sobre todo, en pequenos traballos de carpinteiría, fontanería ou bricolaxe en xeral. Deste xeito, os alumnos e alumnas de Oroso atoparán os seus centros de estudo nas mellores condicións posibles á súa volta de vacacións.



Foi noticia...



Oroso, capital mundial do Pitch & Putt

Os irlandeses John John Walsh e Chrissie Byrne proclamáronse en Oroso **campións do mundo de Pitch&Putt**. O presidente da Federación Internacional de Pitch & Putt, Frank Smith, felicitou ao Concello, a Tambre Pitch & Putt e aos árbitros polo seu traballo "nunhas condicións de calor extremo". O alcalde **Manuel Mirás** agradeceu aos 108 competidores que "o nome de Oroso estea en todo o mundo grazas a este evento". A presenza dos participantes e familia repercutiu na hostalería e no comercio locais.



Gañadores e autoridades



Un total de 28 rapaces, de entre 4 e 12 anos, participaron na cuarta edición do **campus de verán** da Fundación Celta de Vigo. Durante unha semana, imitaron as concentracións dos seus ídolos.



O Concello **homenaxeou** ao Sigüeiro FC polo seu ascenso a Primeira Autonómica e aos prebenxamíns, benxamíns, alevíns e xuvenís do Xuventude Oroso, por seren campións das súas respectivas ligas.



Os alumnos do **ITF Oroso** lograron 15 medallas (4 ouros, 4 pratas e 7 bronces) na III Benalmádena Cup (Málaga). Felicidades polo éxito acadado nesta primeira saída fóra de Galicia para competir.

Axenda: Agosto

- 21** Excursión ao aquapark
- 22** Obradoiro de lecer e consumo (11:30 h)
Mago Dani (19:30 h)
- 23** Planeta Móbil (12:00 h)
Inchables (16:00 h)
Concerto (21:00 h)

- 24** XI Torneo de Fútbol do Concello de Oroso
- 25** XI Torneo de Fútbol do Concello de Oroso
- 26** Xincana "A busca do tesouro perdido" (11 h)
- 27** Teatro. "O aturuxo de Melpomente" (20:30 h.)
- 28** Obradoiro (18:00 h)
Monicreques (19:30 h)

- 29** Clown de Pistacatro (19:30 h)
- 30** Excursión multiaventura Planeta Mobil (12:00 h)
- 31** II Torneo de Pádel Concello de Oroso
- SET. 1** II Torneo de Pádel Concello de Oroso
- SET. 13** Inauguración Góisorosoartes